

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2015

ASISTENTES:

Membros

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sra. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1491).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1492).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2016. EXPTE. 117647/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/12/15 e o informe de fiscalización do 28/12/15, dáse conta do informe-proposta do 29/12/15, do xefe da área de Benestar Social conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

"1. A Concelleira delegada da Área de Política Social, mediante Resolución de data 16.12.2015 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS NON PERIODICAS DE

EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2016», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. O Programa desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal. Consta dun total de trece Bases, nas que se regulan polo miúdo os obxectivos, requisitos, obrigas dos beneficiarios, o procedemento de valoración e concesión, a contía das axudas, a forma de aboalas e xustificalas, o crédito dispoñible, etc.

V. O contido deste Programa para 2016 é moi semellante ó do exercicio de 2015. Á marxe de determinadas melloras na redacción dalgunhas Bases, modifícanse as Bases primeira, segunda, sexta e sétima para reforzar o carácter puntual, extraordinario e non periódico destas axudas, que en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente. Ademais, increméntase o importe da contía mensual máxima para gastos de aluguer para as unidades familiares de 2 ou máis membros, medida derivada da experiencia na aplicación práctica deste programa de axudas no último exercicio.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 "Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios" (802.000 €) e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a "Melloras en fogares" (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social para o ano 2016», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 117647/301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 802.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2016 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2016

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción,

de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2016, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2015 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 612.402,96 €, co seguinte detalle (datos a 30.11.2015):

IMPORTES	CONCEPTOS
197.444,31€	ALUGUER
236.519,50€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
5.040,59€	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
7.220,03€	GAS
54.128,91€	LUZ
19.343,32€	AUGA
20.406,10€	ALOXAMENTO
2.635,50€	GASTOS PERSOAIS
2.556,21€	GASTOS DE ATENCIÓN SANITARIA
6.016,97€	DÉBEDAS DE COMUNIDADE
21.122,52€	CRÉDITOS HIPOTECARIOS
39.972€	ADAPTACIÓN DE FOGARES

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de

emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

TERCEIRA.- Formas de pagamento

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

CUARTA.- Persoas destinatarias

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en situacións singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00.

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificando as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas

1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMENTOS/MES	MÁXIMO ALUGUER/MES	MÁXIMO ANUAL POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	150	200	2400
2	220	325	2850
3	290	350	3250
4	350	400	3550
5	400	450	3850
6 ou máis	450	475	4150

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo, a técnica responsable do programa de prestacións, a técnica de actividades económicas que actuará tamén como secretaria da mesma e, cando así o considere a Comisión, por traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC), acompañada da documentación esixida en cada caso.

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática

familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitude de fondos

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar calquera cambio de domicilio.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade das axudas concedidas

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei

38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións

En cumprimento do establecido na Base nº 38.2 pfo. 2º das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e praxe da Concellería delegada.”

3(1493).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SIELVIGO S.L., CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, FONTES E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15857/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da xefa do Servizo de Contratación, do 29.12.15, conformado polo concelleiro delegado do Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

D. Rubén Galiñanes Fernández, en nome e representación da empresa SIELVIGO, S.L., (en diante o recorrente), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC ou o tribunal), de 15 de decembro de 2015, interpón recurso especial en materia de contratación contra o anuncio de licitación e o Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente incoado para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexer o mesmo, autorizar o gasto de devandito contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 24 de novembro de 2015 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- *No Diario Oficial da Unión Europea, en data 28 de novembro de 2015, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 9 de xaneiro de 2015.*
- *No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 4 de decembro de 2015.*
- *No Diario Oficial de Galicia, en data 7 de decembro de 2015.*
- *No Boletín Oficial do Estado, en data 15 de decembro de 2015.*

Terceiro.- En data 18 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local, aprobou aclaracións ás preguntas formuladas polas empresas SIELVIGO, S.L., URBASER, ACISA, ESYCSA, FERROSER INFRAESTRUTURAS, S.A., SICE e ALUVISA GRUPO, sobre o procedemento que nos ocupa. Este acordo foi publicado no Perfil do Contratante do Concello en data 22 de decembro do mesmo ano.

Cuarto.- En data 29 de decembro de 2015, o enxeñeiro municipal emite informe sobre as alegacións formuladas no recurso, que se reproducen a continuación:

“Alegación 1ª

Refire aspectos relativos á cualificación do contrato que non son competencia deste técnico.

Alegación 2ª

Refírese a unha consulta previa do reclamante ó Concello de Vigo, que será respondida a través das canles regulamentarias.

Alegación 3ª

Neste punto o reclamante se retrotrae á anterior licitación, a do contrato que está en vigor actualmente, incluíndo argumentos sobre a diferenza do número de traballadores ó comezo deste contrato cos actuais, significando que non lle consta ningunha modificación nin incremento de persoal.

A este respecto cabe indicar que conforme á cláusula 8 do Prego de prescricións técnicas que rexeron o anterior contrato, apartado 3º “medios persoais” o Prego establecía o persoal mínimo a efectos dese contrato. Este persoal sería o mínimo co que debería contar o adxudicatario ó comezo do servizo, pero non establecía ningún máximo. Tanto é así que a empresa adxudicataria foino cunha oferta de máis medios humans que os que se esixían por prego.

Mesmo na propia oferta do adxudicatario, no apartado “persoal” establecía un “núcleo de reforzo” que sen estar asignado exclusivamente ó contrato, tería a función de reforzo. Este núcleo estaba composto por un oficial electricista, un peón especialista e un condutor, entendendo o ofertante que os devanditos recursos xa estaban dispoñibles ó comezo do contrato. Posteriormente e co normal desenvolvemento do servizo, xunto coas ampliacións que posteriormente tiveron lugar, estes traballadores convertéronse en persoal asignado de maneira permanente ó contrato.

Polo que respecta ás sucesivas modificacións do contrato vixente, en base á información que este técnico solicitou do servizo xestor, existiron varias que paso a relacionar:

- 1. Acordo de Xunta de Goberno Local de data 20/08/2007*
- 2. Acordo de XGL de data 16/02/2009*
- 3. Acordo de XGL de data 09/11/2009*
- 4. Acordo de XGL de data 18/10/2013*
- 5. Acordo de XGL de data 10/12/2013*

Estas modificacións do contrato supuxeron en xeral incremento das instalacións a manter, polo que na opinión do técnico que subscribe, queda xustifico o incremento de persoal ó que alude o reclamante.

Alegación 4ª

O reclamante chámalle a atención que na relación dos traballadores dos que a nova empresa adxudicataria poida ter o deber de subrogarse tal como contémpase no PCAP, teñan diferente tipo de contrato, entre “indefinido” e “fin de obra ou servizo”.

A este respecto o técnico asinante non é competente para aclarar tal circunstancia, pero segundo a información solicitada da lexislación laboral vixente, os contratos de fin de obra ou servizo pasan automaticamente a indefinidos despois de certo tempo, polo que non é relevante a diferenza.

Alegación 5ª

Sobre a referencia á comparación dos cadros de persoal que aparecían no prego do ano 2006 e no actual, procede indicar que naquel momento tratábase dun contrato de xestión de servizos e o actual é de prestación, polo que agora indícanse soamente uns medios mínimos de 1 coordinador e dous directores técnicos con titulación de Enxeñeiros todos eles.

No prego actual non se considerou necesario introducir maior desglose ou concreción no referente ó persoal, dado que será o propio licitador quen determine os medios que lle sexan necesarios, para cumprir o obxecto do contrato conforme ás condicións dos pregos.

Polo que respecta ó cadro de persoal do Anexo V do Prego Técnico, asinado polos responsables de Recursos Humanos das actuais empresas contratistas, achegouse ós efectos informativos que require o PCAP no referente á posible subrogación do persoal”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

É obxecto da presente impugnación o anuncio de licitación e o Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de iluminación pública, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 20 de novembro de 2015.

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos réxense en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*

-II-

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comúns para a impugna-

ción de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento), contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, atribúese pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)”.

-III-

Aínda que a tarefa de analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo correspóndelle ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe no caso de que non concorran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

En canto ós requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.*
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

Así, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación, conforme ó artigo 40.2.a , son susceptibles de recurso. No entanto, é preciso deixar constancia que a cuestión exposta na alegación segunda non é unha materia obxecto de recurso especial.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales víronse prexudicados ou poidan resultar afectados ás decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal para determinar se o recorrente con motivo do recurso interposto pode obter algún beneficio ou evitar prexuízo dalgún tipo é requisito imprescindible que éste ostente a capacidade necesaria para subscribir o correspondente contrato atendendo ó obxecto do mesmo (Resolución do TACRC 170/2011). No caso que nos ocupa o recorrente é un posible licitador, que ten interese en concorrer ó procedemento, pero que considera que a súa participación se ve afectada ós pregos que recorre na medida que os considera restritivos da libre concorrencia, polo que, á vista do exposto, ostenta lexitimación activa para recorrer.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e presentarse perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito SIELVIGO anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste concello de 15 de decembro de 2015, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.*

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o TACRC.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Aínda que aclara que "Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que os mesmos sexan

recibidos ou postos a disposición dos licitadores ou candidatos para o seu coñecemento conforme se dispón no artigo 158 desta Lei". Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

A efectos de determinar o día inicial do cómputo do prazo, cando, como neste caso, facilitouse o acceso ós pregos por medios electrónicos, o TACRC estableceu que se ha de tomar como referencia a efectos de determinar o día a quo do seu cómputo, o criterio manifestado pola Audiencia Nacional (Sección Sexta da Sala do Contencioso-Administrativo, recurso 264/2011), na súa sentenza de 30 de outubro de 2013, seguida doutras posteriores, con arranxo ó cal o momento inicial do cómputo sería o de publicación dos anuncios de licitación, pois se entende que a partir de dita data os pregos puideron recollerse no lugar indicado nos anuncios. (...) No caso de distintas publicacións de devandito anuncio, como sucede no presente suposto, haberase de estar á última das publicacións, segundo conclúe a Sentenza da Audiencia Nacional (Sección Cuarta, recurso 177/2014) de 11 de marzo de 2015 que complementa a anteriormente ditada" (Resolución do TACRC 1121/2015).

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 643,30 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, Xestion Ambiental de Contratas, S.L., o día 23 de decembro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 28 de decembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 30 de decembro de 2015 esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Xestión Ambiental de Contratas, S.L.,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Xestión Ambiental de Contratas, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marques de Valterra. (expediente 3468-440), por un prezo de 181.249 euros e un incremento do prazo de garantía de 120 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1498).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2015. EXPTE. 27358/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/15, dáse conta do informe-proposta do 30/12/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

„ANTECEDENTES

O Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, en instrucción de Servizo de data 26/11/2015, ordeou “Incoar expediente administrativo do Servizo de Recursos Humanos para a aprobación da Oferta de Emprego Público do ano 2015, a fin de elevar proposta de aprobación á Xunta de Goberno Local, previa a emisión dos informes e realización dos trámites que legalmente procedan.”

Asimemo, en instrucción de Servizo de data 22/12/2014, ordeouse recabar os informes que correspondan, aos efectos de someter a Xunta de Goberno Local, expediente que conteña as prazas, tanto pola quenda libre como pola quenda de promoción interna, correspondente ao ano 2015.

En data 23/12/2015 formulouse por este Servizo de Recursos Humanos a correspondente proposta de Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, que foi obxecto de negociación cos órganos de representación de persoal, segundo se recolle nas actas da Mesa Xeral de Negociación de datas 17 e 22 de decembro de 2015 anexadas ao expediente.

Remitida en data 29/12/15 a Intervención Xeral aos efectos da súa fiscalización, ésta foi devolta para a súa subsanación.

Polo técnico de Organización e Planificación que subscribe, en data 23 de decembro pasado, emitiuse informe que figura anexo ao presente expediente e que contén a relación de baixas producidas durante o ano 2015, cando en realidade deberían constar as baixas producidas durante o ano 2014, tal e como establece o artigo 21.UNO.3 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, aos efectos de cálculo da taxa de reposición de efectivos.

En base ao anterior, compróbase que durante o pasado ano 2014, causaron baixa un total de 44 efectivos, dos que unicamente 41 computan aos efectos de cálculo de taxa de reposición de efectivos, respecto das 29 baixas utilizadas como referencia na proposta inicial, polo que non se incumpren os límites que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, polo que a proposta de acordo que consta no expediente resulta válida ao estar dentro dos límites legais.

MOTIVACIÓN

PRIMEIRA.- RPT e Cadro de persoal son dous instrumentos xurídicos distintos, aunque íntimamente vinculados entre sí. A RPT é o instrumento de ordenación do persoal, mentras que o Cadro de persoal constitúe a cobertura orzamentaria daquela. Sólo a través da RPT pódense crear, modificar..... os postos de traballo. Pero a RPT está condicionada na súa virtualidade ó cadro de persoal aprobado polo Pleno. Tódolos postos do cadro teñen que estar contidos na RPT; mentras que o Cadro de Persoal non ten que conter necesariamente tódolos postos da RPT, senón

únicamente aqueles que o Pleno considere oportunos con arreglo ós principios de racionalidade, economía e eficiencia.

SEGUNDA.- En calquera caso, a aprobación do cadro de personal e a RPT constitúen requisitos ineludibles para aprobación da oferta de emprego público (en adiante, O.E.P), en canto ésta é definida no propio Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) como “as necesidades de recursos humanos, con asignación presupostaria, que deberán proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso e que serán obxecto da Oferta de Emprego Público”, art. 70.1 do TREBEP, a apreciación das cales corresponde a Xunta de Goberno Local (art. 127.1 h. da Ley 7/85) previa negociación cos representantes do Persoal (art. 37.1 l) do TREBEP.

TERCEIRA.- De conformidade co disposto na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, ao longo do ano 2015 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poda derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Dita limitación alcanza ás prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público.

Respetando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida no apartado anterior non será de aplicación, no ámbito da Administración Local, aos seguintes sectores, nos que a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 50 por cento:

- Prazas encadradas nos corpos de Policía Local.*
- -Prazas encadradas nas funcións relativas ao control da asignación eficiente dos recursos públicos; “nas funcións de asesoramento xurídico e na xestión dos recursos públicos, abarcando o dito concepto as seguintes prazas, que segundo figura no acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/03/2014, no que se aproban as instrucións en materia de planificación e xestión de Recursos Humanos do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de maio, e Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014”, son as seguintes “:*
- Funcionarios/as con habilitación de carácter nacional (Subescalas de Secretaría, Intervención-Tesorería E, Secretaría-Intervención);*
- Técnicos de Administración Xeral (ramas xurídica e económica)*
- Tecnicos de Administración Especial (Economistas, Letrados, Asesores Xurídicos)*
- Técnicos medios de xestión*
- Técnicos medios de relacións laborais*
- Técnicos medios de servizos económicos*

- *-Prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.*

No suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía local e de persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, poderase alcanzar o cen por cen da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades locais que cumplan ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas locais ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endeudamento.

Ademáis deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como nos orzamentos vixentes.

En relación con este último, os respectivos Plenos das Entidades locais deberán aprobar un plan económico financeiro no que se inclúa a medida á que se refire a presente norma e se poña de manifesto que, igualmente, se da cumprimento ao citado principio de estabilidade orzamentaria, o cal deberá ser acreditado ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.

Os anuncios de convocatorias de probas de acceso á función pública local e de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado.

As bases publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia, salvo as relativas ás convocatorias de probas selectivas para a obtención da habilitación de carácter nacional, que se publicarán no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima a que se refire a LPGE 2015 aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio 2014, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías previstos no epígrafe anterior (denominado "oferta de emprego público") e o número de empregados fixos que se tivesen incorporado nos mesmos no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado dende situacións que non conleven a reserva de postos de traballo.

A estes efectos, computaranse os ceses na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro del límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

CUARTA.- En canto instrumento básico de selección do persoal, a O.E.P. responde ós principios legais de anualidade e publicidade, e restricción dos sistemas selectivos ós de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garanten en calquera caso os principios constitucionais de igualdade de oportunidades, mérito e capacidade (art. 91 da Ley 7/85), non podendo nomearse persoal interino para prazas que non se inclúan na O.E.P., salvo cando se trate de vacantes realmente producidas logo da súa aprobación (art. 128 R.D.L. 781/86), e sen prexuízo da excepción prevista no art. 10 do TREBEP, e no caso da oferta de emprego correspondente ao presente ano 2015, das limitacións impostas no artigo 21.1 e 2 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e no artigo 3 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

QUINTA.- A obrigaón de respetar a lexislación básica do Estado trae a colación un novo límite na aprobación da O.E.P., establecido sistemáticamente nas sucesivas leis orzamentarias do Estado. A saber, o de respetar na selección de persoal de novo ingreso as eventuais taxas de reposición que se teñan fixado respecto do persoal de cadro do exercicio inmediato anterior (art. 90.1 da lei 7/85; art. 126 do RDL 781/86) e, o previsto nas leis de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

SEXTA.- A proposta de OEP 2015 foi obxecto de negociación cos órganos de representación de persoal, segundo se recolle nas actas da Mesa Xeral de Negociación de datas 17 e 22 de decembro de 2015 anexadas ao expediente.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, segundo o art. 214, do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

" PRIMEIRO.- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2015, integrada polas seguintes 27 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (20 prazas, quince delas pola quenda libre).

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
2	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	1 Libre e 1 Promoción Interna
1	Técnico/a	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
	Administración Xeral rama económica					
2	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	1 Libre e 1 Promoción Interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Promoción Interna
1	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Promoción Interna
1	Oficial Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Promoción Interna
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
2	Condutor/a-bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) *Persoal laboral : 7 prazas (6 delas de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E), todas ellas pola quenda de promoción interna.*

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 2 prazas (7% das 15 prazas ofertadas pola quenda libre e das 12 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

–Unha praza de Oficial de oficios, da tanda de promoción interna.

–Unha praza de Axudante de oficios, da tanda de promoción interna.“

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1499).- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 27492/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/12/15, dáse conta do informe-proposta do 28/12/15 da técnica de

Formación e Avaliación de de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 aprobou o Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do Servizo da Policía Local (expte. 36255/212). Dito acordo basease na petición realizada en agosto de 2012 polo Servizo da Policía local na que solicitan o incremento en 11 xornadas anuais de traballo e que teñen por obxecto:

1º.- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.

2º.- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.

3º.- Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.

4º.- Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na conducción de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc.).

No seu punto primeiro no derradeiro parragrafo recollese que:

“Dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, este acordo poderá prorrogarse anualmente en tanto se manteñan as condicións que dan lugar ao mesmo, sendo susceptible de seren modificados aspectos puntuais, previo acordo acadado na Comisión de Seguimento”.

En informe de data 23/12/2015 do Intendente Xefe da Policía Local, conformado polo Concelleiro delegado da Área, expoñense as circunstancias que estanse a dar no Servizo da Policía Local que hacen imprescindible a realización de xornadas de dispoñibilidade por parte do persoal do mesmo. No mencionado informe solicita a prórroga durante o ano 2016 do Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas.

No citado informe faise referencia as funcións que deben desempeñar os efectivos da Policía Local, segundo a L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade e na Lei 4/07 de Galicia sobre coordinación das policías Locais, a complexidade que supón a realización das mesmas dada a extensión, intensidade e variedade do noso espazo urbano, os fenómenos modernos de gran concentración de persoas en espazos públicos non ideados para tales fins, a falta de efectivos existente en dito servizo, sendo necesario a incorporación dun total de 174,23 funcionarios para acadar o cociente de 1,8 policías/habitante recomendado na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais; o mapa de eventos extraordinarios previstos para o ano 2016, etc

O programa marco aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 5 de outubro de 2012 recolle única e exclusivamente as circunstancias de realización das posibles xornadas de reforzo que poidan ser levadas a cabo polo persoal do Servizo da Policía Local, non tendo en ningún caso carácter estrutural xa que depende a súa realización das particulares circunstancias do servizo en canto a intervencións a realizar, complexidade dos mesmos, número de efectivos disponibles, etc. Ditas circunstancias deberán ser convenientemente reflexadas en cada unha das solicitudes de autorización de xornadas de reforzo que se faga dende o Servizo da Policía Local. Así mesmo a participación no programa de dispoñibilidade ten carácter voluntario para o persoal do servizo.

As xornadas de dispoñibilidade que poidan realizarse ao longo do ano 2016, dentro da prorroga do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, se corresponderán co obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas e que de ningún xeito terán carácter de estables.

As xornadas, dada a súa coxunturalidade, non están sometidas a unha execución línial mensual, polo tanto, o devengo tampouco será mensual. O concepto retributivo para o seu aboamento será o de produtividade, polo que non poderán ser de ningún xeito retribucións de carácter fixo nin periódico.

Tal e como se recolle no punto Primeiro do Acordo Marco que se propon prorrogar :

“A xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e estas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito”

Polo que a autorización e posterior realización de xornadas de dispoñibilidade sempre estará condicionada a necesidade do servizo debidamente xustificada e a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 92001500000.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros

aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto d eproductividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades

Por parte do Servizo de Recursos Humanos compártese o mencionado nos informes da Intervención Xeral en canto ao aproveitamento dos recursos humanos e as retribucións variables así como o recollido na Disposición adicional setuaxésima primeira, da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012 e no contido do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, que aumentan o tempo de traballo, polo que por parte do Servizo da Policía Local deben adoptarse as medidas oportunas para a redución da realización de xornadas de reforzo por parte do persoal do servizo.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos con respecto aos expedientes 34002/212, 34267/212 e 42906/212, correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009, 2010 e 2014 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

Por outra banda, os funcionarios do Servizo da Policía Local incluídos nos grupos de titulación A1 e A2 están a percibir exceso de xornada, cando as vixentes INSTRUCIÓN SOBRE PLANTILLA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL O SERVIZO DA CORPORACIÓN E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS PARA O EXERCICIO 2010, aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, contempla expresamente no seu punto cuarto que o persoal dos grupos A1 e A2 de titulación non poderán solicitar o aboamento do exceso de xornada realizado, debendo solicitar a súa compensación ou ben mediante permiso ou solicitando que se lle acumulen as horas a efectos de permiso previo á xubilación.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Empregado Público.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma, debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á

asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico – excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

A retribución da realización de xornadas de reforzo realizarase en concepto de produtividade polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións fixas nin periódicas. A apreciación da mesma deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As Bases de execución do Orzamento vixentes contemplan que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto á competencia do órgano, o art. 127.1 h) da Lei 7/85, na súa redacción dada pola Lei 57/03, sinala a competencia da Xunta de Goberno Local para aprobar as retribucións do persoal de acordo co orzamento aprobado polo Pleno.

Por outra banda, no punto terceiro do Acordo Marco - Coste da ampliación das Xornadas de Traballo, se contempla que “O custo máximo anual dos programas de reforzo estará en función das posibilidades orzamentarias así como dos días efectivos de realización. As cantidades contidas no punto segundo actualizaranse, de se-lo caso, segundo o disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado e demais disposicións legais de aplicación.

No BOE do día 30 de outubro de 2015 publícase a Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, que no seu art 19.Dos indica que “Con carácter general, en el año 2016, las retribuciones de este personal no podrán experimentar un incremento global superior al 1 % respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2015.

Deste xeito, deben actualizarse os importes que figuran no apartado Segundo do Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais para o servizo de policía local., aprobado pola xunta de goberno local na súa sesión de data 05/10/2012, sendo os importes de cada xornada, segundo as categorías profesionais, s para o ano 2016 os seguintes:

Posto	2016
1º.- Policía:	210,74 €
2º.- Oficial:	224,41 €
3º.- Inspector :	252,25 €
4.- Inspector Principal:	259,34 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre, en tanto en canto, e tal como se recolle no devandito Acordo Marco, exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo do programa no vixente orzamento, para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a Prorroga do programa de reforzos para a Policía Local para o ano 2016, e previo informe da Intervención Xeral-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:

1.-Prórrogar durante o ano 2016 o Acordo Marco para a amplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2.- Delegar no Concelleiro da Area de Xestion Municipal a a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

3.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).

4.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

5.- Os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompasado cunha minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidad a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

6.- Os importes a percibir por cada xornada de disponibilidad, unha vez actualizado o seu importe dacordo ao art 19.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, e segundo o recollido no punto segundo do Acordo Marco para a ampliacion das xornadas laborais para o servicio de policia local., aprobado pola xunta de goberno local na súa sesion de data 05/10/2012, segundo as categorías profesionais, para o ano 2016 os seguintes:

Posto	2016
1º.- Policía:	210,74 €
2º.- Oficial:	224,41 €
3º.- Inspector :	252,25 €
4.- Inspector Principal:	259,34 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

O CONCELEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero.